

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE E A UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA (UGT-  
GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

---

En Santiago de Compostela

**REUNIDOS:**

**Don Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, publicado no DOG número 242, do 1 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

**Don José Antonio Gómez Gómez**, con DNI 34949784L, secretario xeral da Unión General de Trabaxadores de Galicia (UGT-Galicia), con CIF G-15383011, que actúa en nome e representación da citada entidade en virtude do establecido nos seus estatutos.

**MANIFESTAN:**

1. Que o Sindicato Unión Xeral de Traballadores (en diante UGT-Galicia) é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (especialmente os seus artigos 1, 2 e 3) e de que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Dentro do Goberno galego, correspóndenlle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

2. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da



sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Neste plan se recollen unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.

3. Que lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso normal do galego como lingua cooficial da Comunidade Autónoma galega e arbitrar as medidas necesarias para promover a implantación progresiva da lingua galega, de maneira que a cidadanía en todos os ámbitos sociais coñeza en igual medida o galego ca o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas entre as que figuran os sindicatos con implantación en Galicia.

4. Que dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega se enmarcan as actividades que promove UGT-Galicia, organización sindical de ampla implantación social e traxectoria histórica, que conta cun gran número de afiliados entre os traballadores e traballadoras galegas por ter representatividade en todos os sectores laborais e industriais da Comunidade Autónoma.

5. Que as actividades que promove UGT-Galicia, pola súa singularidade e características, soamente se poderán levar a cabo no seu ámbito de actuación e, tendo en conta que a colaboración no proceso normalizador, mediante a sinatura de convenios, tamén se fai extensiva a CSI-F Galicia, CC.OO, CIG e ANPE-GALICIA, é polo que non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas no convenio.

Polo exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2021, que rexerá polas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira.- Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a UGT-Galicia para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega neste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.



As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a normalizar o uso da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato, coa finalidade de conseguir que o galego sexa unha lingua operativa e coñecida en todos os ámbitos da sociedade.

### **Segunda.- Obrigas de UGT-Galicia**

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan de normalización da lingua galega, a UGT-Galicia asume o compromiso de realizar as seguintes actuacións:

- Manter en galego a páxina Web da UGT - Galicia [www.ugtgalicia.org](http://www.ugtgalicia.org)
- Uso e mantemento de redes sociais corporativas: facebook e twitter
- Elaborar e traducir documentos impresos: folletos, manuais sindicais, convenios sectoriais, reprodución de imaxes corporativas do sindicato, etc.
- Elaborar en lingua galega os documentos de comunicación interna e externa.
- Utilizar a lingua galega no material divulgativo e informativo: informes, convenioscolectivos, carteis, publicacións, etc.

UGT comprométese a realizar as actividades citadas, porén, no suposto de que a situación de excepcionalidade sanitaria e saúde pública producida pola COVID-19 continuase e, a entidade tivera que cambiar a data (dentro da vixencia do convenio) ou o formato de algunha das actividades contempladas nesta estipulación, terá que solicitalo telematicamente a esta Secretaría Xeral para que a modificación sexa autorizada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Así mesmo, se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

### **Terceira.- Asesoramento lingüístico**

A Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, a UGT-Galicia o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

### **Cuarta.-Financiamento**



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **1.000,00 €**, con cargo á aplicación 10.50.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

#### **Quinta.- Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, UGT-Galicia presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2021, a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos entregarase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

Para percibir a mencionada axuda, UGT-Galicia queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou



entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o seu pagamento UGT-Galicia, presentará na Consellería de Cultura, Educación e Universidade unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento UGT-Galicia presentará, unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, UGT-Galicia deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tamén, que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de subvencións por algunha das causas recollidas nas disposicións vixentes en materia de subvencións.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33



desta lei, UGT-Galicia comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

UGT-Galicia procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

UGT-Galicia facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### **Sexta.- Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio

#### **Sétima.- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno**

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura deste convenio as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

#### **Oitava.- Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

#### **Novena.- Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación. Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro.

#### **Décima.- Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de



Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes de UGT-Galicia. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

#### **Décimo primeira.- Causas de resolución**

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

#### **Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións**

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade –directa, indirecta ou subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo terceira.- Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

#### **Décimo cuarta.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia [Notific@](mailto:Notific@), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo sexta.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexitimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada



e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **Décimo sétima.- Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e  
Universidade

Román Rodríguez González

O secretario xeral de  
UGT-Galicia

José Antonio Gómez Gomez

